

2022

MÚSICA

POESÍA

BANDA DESEÑADA
TIK TOK E REELS

FOTOGRAFÍA

CURTAMETRAXE

BEN VEÑAS MAIO
NARRACIÓN CURTA

ERA COMUNICACIÓN

CONSULTA AS BASES



BASES

1 Poderá participar o alumnado matriculado nos institutos públicos do concello de Pontevedra.

2 Cada participante poderá presentar cantas obras queira, se ben en cada categoría non se concederá máis dun premio á mesma persoa.

3 O alumnado participante non fará figurar o seu nome nas obras, agás no certame de curtametraxes e mai no de vídeos de Tik Tok e reels de Instagram. O traballo proposto entregarase nun arquivo nomeado co pseudónimo do autor ou autora e no mesmo correo electrónico xuntarase, noutro arquivo distinto, os datos persoais que corresponden ao devandito pseudónimo: nome, idade, enderezo postal e electrónico, teléfono, nome nas redes sociais, curso, instituto no que estuda e categoría na que participa.

O alumnado que resulte premiado deberá achegar copia do DNI e certificación do número da conta bancaria na que estea autorizado.

4 Os traballos deberán ser enviados por correo electrónico ao endereço bvm@pontevedra.gal

5 O prazo de admisión de traballos remata o martes 26 de abril de 2022.

6 O xurado que cualificará os traballos será designado pola Comisión Organizadora e só a el corresponde a interpretación das bases. O seu veredicto será inapelable.

7 Todas as obras presentadas poderán ser reproducidas, expostas ou editadas.

8 O anuncio do veredicto do xurado e a entrega de premios realizaranse nunha gala na que se integrará a final do Certame Musical Ben Veñas, Maio, o sábado 7 de maio de 2022 no Pazo da Cultura.

9 Ademais dos premios establecidos, o xurado poderá outorgar cantos accésits considére oportunos. Os accésits consistirán nun lote de libros.

10 Se nunqua categoría as obras non acadasen o nivel mínimo esixible, o xurado poderá declarar deserto un ou todos os premios contemplados nestas bases. As dotacións económicas dos premios desertos poderán ser empregadas para premiar obras de calquera outra categoría.

BASES ESPECÍFICAS

I CERTAME DE VIDEOS DE TIK TOK E REELS DE INSTAGRAM

Poderán participar estudiantes maiores de 15 anos con vídeos publicados en Tik Tok e mais con reels de Instagram compartidos.

Os vídeos serán orixinais e de temática libre. A duración non poderá superar os 3 minutos. O idioma empregado será a lingua galega. Os vídeos que se presenten ao concurso deberán incluir o cancelo #benveñasmaio22.

Ademais do previsto nas bases xerais 3 e 4, as persoas participantes deberán incluir no correo a bvm@pontevedra.gal unha ligazón pública do/s vídeo/s que presentan a este certame.

XXI CERTAME MUSICAL BEN VEÑAS, MAIO

Poderán participar todos os grupos musicais e/ou solistas, sempre que todos os seus componentes estean matriculados/as nalgún instituto público de Pontevedra. Ningunha persoa poderá participar en máis dun grupo.

Cada grupo ou solista interpretará dúas pezas orixinais, en calquera estilo musical, de xeito que as súas letras se axusten ás condicións seguintes: o texto da primeira peza será de autoría propia; o texto da segunda peza será dun autor ou dunha autora con obra en galego. En ambos os casos, os textos deben ser en galego.

Para a inscrición, cada grupo ou solista deberá presentar por correo electrónico a bvm@pontevedra.gal o seguinte: a ficha cos datos dos membros do grupo consonte a base xeral 3, a letra das dúas cancións e a ligazón ou arquivo onde escutar a maqueta das cancións presentadas a concurso. As bandas interesadas en realizar a gravación de maquetas no Local de Música, poden solicitar a colaboración do persoal do Local ponéndose en contacto con certa antelación no endereço localdemusica@gmail.com

A coordinadora dos ENDL nomeará un xurado que decidirá os grupos e/ou solistas clasificados para actuar na final e comunicarallo antes do 29 de abril. As inscricóns seleccionadas actuarán na gala de entrega de premios do sábado 7 de maio no Pazo da Cultura; ás 19 horas. Durante toda a actuación empregáronse únicamente a lingua galega.

O anuncio do veredicto do xurado e a entrega dos premios realizaranse ao remate do propio certame.

VI CERTAME DE CURTAMETRAXES BEN VEÑAS, MAIO

As curtametraxes serán orixinais e inéditas e de temática libre. O idioma empregado será a lingua galega.

Especificacións técnicas e de formato: a duración do vídeo non poderá sobrepassar os 5 minutos. O formato será horizontal en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV. Calidade mínima requirida: HD 720 p.

Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito. Ao remate dos títulos de crédito deberán incluirse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web snl.pontevedra.gal.

As persoas participantes compartirán os archivos co endereço bvm@pontevedra.gal

XXI CERTAME DE FOTOGRAFÍA BEN VEÑAS, MAIO

As fotografías deberán recoller algúna imaxe que represente o uso anómalo ou curioso da lingua galega en rótulos, pancartas, faixas publicitarias, pintadas, indicadores...

Cada fotografía achegarase cun comentario en galego que xustifique o interese da imaxe obtida, así como o lugar e a data de obtención.

A técnica fotográfica e o tamaño serán libres.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF ao endereço bvm@pontevedra.gal

XXIX CERTAME DE BANDA DESEÑADA BEN VEÑAS, MAIO

As obras serán orixinais e inéditas. O tema será libre e os textos serán en lingua galega. A extensión será de dúas páxinas como mínimo e de seis como máximo. Poderá utilizarse calquera técnica. O formato será DIN-A4 ou ampliación ou redución proporcional.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF ao endereço bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

• Categoría A: ata 14 anos inclusive

• Categoría B: a partir de 15 anos

XXIX CERTAME DE NARRACIÓN CURTA BEN VEÑAS, MAIO

O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e ser absolutamente orixinais e inéditas; terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de catro, mecanografiadas a dobre espazo e con letra Times New Roman do tamaño 12.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF ao endereço bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

• Categoría A: ata 14 anos inclusive

• Categoría B: a partir de 15 anos

XXI CERTAME DE POESÍA BEN VEÑAS, MAIO

Os poemas serán de tema libre e terán unha extensión máxima de trinta versos. As obras serán orixinais e inéditas, escritas en lingua galega e mecanografiadas a dobre espazo con letra Times New Roman do tamaño 12.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF ao endereço bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

• Categoría A: ata 14 anos inclusive

• Categoría B: a partir de 15 anos

PREMIOS

Certames de vídeos de Tik Tok e reels de Instagram, curtametraxes, fotografía, banda deseñada, narración curta e poesía

• Primeiro premio: 150 €, lote de libros e diploma

• Segundo premio: 100 €, lote de libros e diploma

Certame musical

• Primeiro premio: 450 € e diploma

• Segundo premio: 300 € e diploma

• Terceiro premio: 150 € e diploma

ORGANIZA:



Concello
de Pontevedra
Servizo de
Normalización
e
Dinamización da
Lingua Galega
dos IES e CIFP
de Pontevedra

COORDINADORA
DE EQUIPOS DE
NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN DA
LINGUA GALEGA
DOS IES E CIFP
DE PONTEVEDRA